O Concello de Verín colabora co programa específico ‘Plan Maior de Seguridade’ deseñado polo Ministerio do Interior e destinado a protexer ás persoas maiores dos delitos dos que son ou poden ser vítimas.

Os obxectivos do mesmo son abordar e previr as ameazas á seguridade que sofren os maiores como colectivo vulnerable -roubos, furtos, estafas, timos ou os malos tratos, entre outros-; así como fomentar a confianza das persoas maiores nos corpos de seguridade, e perfeccionar a resposta policial ante un colectivo moi amplo e en progresión ascendente.

A finalidade deste programa de ámbito nacional adáptase plenamente á realidade social do Concello de Verín, onde están censados 3.168 habitantes maiores de 65 anos, representando o 21,65 % da poboación total (14.633 habitantes), moi por encima da media nacional. O departamento de Servizos Sociais é coñecedor de casos sufridos polos nosos maiores, moitas veces non denunciados por falta de información, desconfianza ou medo, e é testemuña desa situación de indefensión á que ven sometidas estas persoas, especialmente a daquelas que viven soas.

Por este motivo terán lugar en próximas datas charlas informativas e preventivas ofertadas por persoal experto da Guardia Civil en centros sociais e/ou veciñais frecuentados por persoas maiores. A primeira delas terá lugar mañá 16 de decembro, ás 17 horas, no Centro Social Comunitario de Verín.